

CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

### ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez (10) días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

|   |  |
|---|--|
| <b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b> | <i>Impedir o deterioro do firme das vías de titularidade municipal producido pola explotación forestal do monte e, concretamente, polo transporte dos aproveitamentos do mesmo, é dicir, o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira e da actividade das canteiras polas vías de titularidade municipal, o que supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas.</i> |
| <b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</b>          | <i>Todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal por vehículos de tracción mecánica de uso industrial, comercial ou de transporte poden provocar.</i>  |
| <b>Obxectivos da norma</b>                                  | <i>Regular e fomentar un uso correcto e axeitado dos camiños rurais e das vías de titularidade municipal.</i>  |

Meira, 12 de xuño de 2020.  
O Alcalde,  
Asdo: Antonio de Dios Álvarez

Documento asinado electrónicamente

